

INFORME LEXISLATIVO: DESENVOLVEMENTO DA LEI 3/1983 DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PARA A SÚA APLICACIÓN AO ENSINO EN LINGUA GALEGA NAS ENSIANZAS DE RÉXIME XERAL IMPARTIDAS NOS DIFERENTES NIVEIS NON UNIVERSITARIOS

**Decreto 247/1995 do 14 de setembro, modificado Decreto 66/1997
do 21 de marzo**

Milagros Couto Llamas
Inspectora de Educación
Profesora Asociada USC

1. PRESENTACIÓN

Neste momento no que xa transcorreron 25 anos dende a promulgación do acordo sobre a *normativización* lingüística, quixera facer a partir do Decreto 247/1995, marco legal que sustenta a *normalización*, algunhas reflexións que acompañan o desenvolvemento articular do devandito decreto.

O ámbito do uso da lingua propia de Galicia no contexto educativo, concretamente no relativo ao control polas autoridades competentes a partir da nova estrutura do organigrama da Xunta de Galicia, pasou de ser competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, a depender funcionalmente da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ficando á espera do desenvolvemento de competencias e funcións.

No ano 1999 nunha publicación de quen isto subscribe, e reflexionando sobre o contido do Decreto que pasamos a analizar deseguido, entendiamos que na súa redacción se observaban e respectaban as investigacións realizadas ao longo de varias décadas por lingüistas, sociólogos, psicólogos ou estudosos da problemática do ensino nunha comunidade bilingüe, con dúas linguas en contacto e situación diglósica (Couto Llamas, 1999).

En primeiro lugar, a esixencia de coñecer e respectar a lingua materna dos rapaces que comezan a súa escolaridade, hoxe teríase que entender e analizar dende situacións escolares de alumnos con lingua materna diferente á galega e á castelá.

Deducimos que a complexidade metodolóxica acrecenta a problemática analizada na referida publicación. A esixencia de utilización de recursos didácticos de todos os ámbitos na lingua na que se estean impartindo as técnicas instru-

mentais, faríanos reflexionar, analizar e controlar se realmente se respecta a lingua materna cara ao inicio nestas técnicas, e se se ten en conta a lingua ambiental.

Non podemos esquecer que a formación do profesorado en metodoloxías axeitadas nas aprendizaxes das linguas, e no caso que nos atinxe, cun bilingüismo diglósico no que unha das linguas se pode considerar minorizada, leva consigo conseguir *competencias cognitivas*, pero, sobre todo, *competencias emotivas*.

Metodoloxía clara, explícita, concreta, que permita ir desmontando progresivamente do máis fondo do ser galego, os prexuízos herdados e chegar a respectar por convencemento o cumprimento da normativa e chegar á normalización.

Normalízase unha lingua escribindo nela, como consecuencia da lectura e da fala.


Entendemos, igualmente, que non se poden utilizar metodoloxías conductistas, positivistas, nas que o éxito se debe coñecer e avaliar inmediatamente. Podemos identificalas con indicadores que concirnen a traducir, ler, escribir. Pero é preciso utilizar metodoloxías cuxos obxectivos, e polo tanto, resultados, sexan avaliáveis a medio e a longo prazo; indicadores, daquela, como: pensar, entender, comprender, falar...

Queda moito camiño por andar, debater, reflexionar, formarse..., para aplicar estratexias metodolóxicas apropiadas ás necesidades do profesorado nas aulas.

A continuación vanse ir analizando os artigos que ao noso parecer deben ser o punto de partida para xornadas de reflexión e formación, para profesores, mais, sobre todo, para os interesados en políticas novas para tempos novos.

2. DESENVOLVEMENTO DO DECRETO

2.1. Uso da lingua galega nos centros de ensino



DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

**Redacción con carácter xeral
en galego**

**Consellería
de
Educación**

**Delegacións
provinciais**

**Centros
de
ensino**

Forma oficial

**Nome
do
centro**

**Topónimo
do
concello**

**Entidade
de
poboación**

**ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS
DE
REXIME INTERNO**


Lingua galega

actas

comunicados


anuncios

solicitudes




2.2. As linguas oficiais en Galicia como materia de ensino e o ensino en lingua galega


Artigo 3º




Artigo 4º




Artigo 5º



Artigo 6º





**FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA
MEDIA E SUPERIOR**


**Áreas de coñecemento
teórico-prácticas
facilitadoras da integración sociolaboral**

Artigo 7º


**Non poderán ser separados os alumnos
en centros ou aulas
diferentes, por razóns de lingua**

Artigo 8º

**En todas as áreas impartidas en Lingua galega
procurarase
manifestar de forma oral e escrita**



Artigo 9º



Artigo 10º

En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación, os profesores adoptarán as medidas oportunas co fin de que os alumnos que non teñan o suficiente dominio da lingua galega poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que nesta lingua lles impartan.

3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

COUTO LLAMAS, M. (1999) *Cara a un ensino en galego: dende o marco legal á metodoloxía nas aulas*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

LEI 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG, 14/07/83).

DECRETO 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios (DOG, 15/09/95).

DECRETO 66/1997, do 21 de marzo, polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995, do 14 de setembro no que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ao ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios (DOG, 3/04/97).